



Concello de
OURENSE

54/21.- ACTA ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 09 DE DECEMBRO DE 2021

Na cidade de Ourense, o nove de decembro de 2021, sendo as oito horas e trinta minutos (08h:30'), reúnese a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria en primeira convocatoria, na Casa do Concello, cos seguintes asistentes: Excmo. Sr Alcalde-Presidente: **D. Gonzalo Pérez Jácome**. Srs/as. Concelleiros/as: **D. Telmo Manuel Ucha Álvarez, dona Ana María Fernández Morenza, dona Flora Moure Iglesias e don Armando Ojea Bouzo**, que actúa como Concelleiro-Secretario da Xunta -non asistindo **don Jorge Pumar Tesouro**- -asisten como invitados: A Oficial maior, dona Silvia Alonso Fernández; a Interventora accidental, dona Paula María Álvarez Fernández e o Asesor xurídico, don Juan Ramón Costas Núñez- -non asiste a letrada municipal;- ao obxecto de examinar os asuntos incluídos na orde do día e seguindo os informes dos pertinentes Servizos municipais, sobre os que se adoptaron os seguintes acordos:

APROBACIÓN ACTA

1.- Aprobouse por unanimidade dos asistentes (5 votos a favor), a acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de 02 de decembro de 2021.

SERVIZO DE LICENZAS URBANÍSTICAS, DE ACTIVIDADE, APERTURA E DISCIPLINA

LICENZAS

2.- Comunidade de Propietarios, proxecto básico e de execución de modernización de ascensor existente no edificio sito na Avda. Habana, 8. Expte. Sección Licenzas Urbanísticas 2021031499.

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (5 votos a favor), acordou:

1.- Conceder á “Comunidade de Propietarios Avda. Habana Nº 6-8”, licenza urbanística de obra para proxecto básico e de execución de modernización de ascensor existente no edificio sito na Avenida de la Habana número 8, en solo urbano consolidado, segundo proxecto redactado polas arquitectas dona Paula Feijóo Calviño e dona Emma Noriega García, asumindo a dirección facultativa das obras a arquitecta dona Paula Feijóo Calviño, e cun orzamento de execución material de 102.000 euros.

2.- Requerir ó solicitante para que unha vez rematadas as obras achegue certificado final de obra de técnico competente no que conste que as obras están completamente rematadas e axustadas á licenza outorgada, e se comunique a data a partir da cal poderá xirarse visita de comprobación por tódolos técnicos municipais ou sectoriais que informaron o proxecto.

Os presentes acordos tómanse en base ó informe técnico do Arquitecto Municipal de data 30 de novembro do 2021 e ó informe xurídico de data 1 de decembro do 2021, que forman parte desta resolución, os cales trasladaranse ós interesados ós efectos de motivación.



Réxime de recursos: Contra este acordo, que pon fin á vía administrativa, pode interpoñer alternativamente recurso de reposición potestativo ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da recepción da notificación, de conformidade co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas; ou ben interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ourense, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da recepción da notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Se optase por interpor o recurso de reposición potestativo non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que poida interpoñer vostede calquera outro recurso ou acción que estime procedente.

Condicións Xerais:

1.- Conforme ao disposto no artigo 145 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, o prazo de iniciación das obras é de 6 meses contados a partires do día seguinte do que se reciba o presente documento e despois de comezadas as obras non poderán suspenderse por un período superior a seis meses (salvo resolución xudicial).

Asi mesmo, o prazo de terminación das obras é de tres anos contados do mesmo xeito que o sinalado no parágrafo anterior.

A administración poderá conceder prórrogas dos referidos prazos, previa solicitude expresa, sempre que a licenza fose conforme coa ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga. Cada prórroga non poderá concederse por prazo superior ao inicialmente acordado.

A caducidade da licenza será declarada pola Administración municipal previa tramitación dun procedemento con audiencia ao interesado.

2.- Rematadas as obras e dentro dos oito días seguintes, porao por escrito en coñecemento do Concello, previa retirada das madeiras, estadas e materiais sobrantes para deixar expedito o paso e limpa a rúa, que deberá repoñerse o seu estado anterior ás obras, substituindo o pavimento deteriorado ou que fose removido.

3.- O Alcalde, por si ou por medio dos técnicos municipais ou da Inspección Municipal de Obras, poderá visitar as obras cando o considere axeitado co fin de recoñecer o seu estado de construción e comprobar o cumprimento das condicións en que se concedeu esta licenza.

4.- Durante a execución das obras deberanse observar as seguintes prescricións:

En toda obra de nova planta ou de reforma é preceptiva a colocación de valo a unha altura mínima de 2,00 metros sendo a distancia ao bordo de 1,00 metro nas beirarrúas que teñan 2 ou máis e de 0,60 nas de menos. Se a rúa non ten beirarrúa, o valo colocarase á aliñación do edificio. Nos sitios onde exista beirarrúa de pedra, executarase a fábrica de ladrillo sobre un apoio ou zócolo non adherido ao pavimento, de xeito que poida demolerse o valo sen dano para a baldosa. A construción poderá ser de ladrillo revestido e branquexado, ou pranchas metálicas entrevigadas. Non se autorizan valos de madeira, aglomerado de madeira, canizos, arpilleiras, etc.

Para o acceso á obra, colocaranse portas de madeira ou metálicas, que abrirán cara a dentro.

Unha vez salvada a planta baixa, será obrigatoria a retirada do valo de protección, debendo substituírse por outra aérea voada, construída de xeito que impida a caída de obxectos á rúa. O seu saínte será o ancho da beirarrúa cun máximo de 2 metros e a súa fronte e costados terán unha altura mínima de dous metros. En cada unha das plantas haberá de colocarse unha rede protectora.





Queda prohibido depositar materiais fóra do valo de protección. A responsabilidade polo incumprimento da obriga a que se refire este apartado esixirase ao contratista das obras e subsidiariamente ao propietario, caso de ser distinto daquel.

Para a carga, descarga, depósito e labrado de materiais e extracción de entullos, aterase ás disposicións das Ordenanzas e da autoridade municipal.

En especial cumprase coa vixente Ordenanza Municipal de limpeza de terreos e solares e de protección contra incendios forestais.

Deberá darse cumprimento ó contemplado no Decreto 174/2005, de 9 de xuño, polo que se regula a produción e xestión de residuos de construción e demolición, debendo o produtor de residuos contar coa preceptiva autorización da Consellería de Medio Ambiente.

3.- D^a María Ramona Seguíñ Cid, proxecto básico e de execución de reforma de local comercial para uso aparcamento sito na rúa Manuel Murguía, 3 baixo. Expte. Sección Licenzas Urbanísticas 2021028806.

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (5 votos a favor), acordou:

1.- Conceder a dona María Ramona Seguíñ Cid, licenza urbanística de obra para proxecto básico e de execución de reforma de local comercial para uso aparcamento sito na planta baixa do inmovible número 3 da rúa Manuel Murguía, segundo proxecto básico e de execución redactado pola arquitecta dona Maricarmen González Iglesias, quen asume a dirección da obra e cun orzamento de execución material de 2.104,77 Euros.

2.- Requerir ó solicitante para que unha vez rematadas as obras achegue certificado final de obra de técnico competente no que conste que as obras están completamente rematadas e axustadas á licenza outorgada, e se comunique a data a partir da cal poderá xirarse visita de comprobación.

O presente acordo tómase en base ós informes técnicos da Arquitecta Municipal de data 23 de novembro do 2021 e ó informe xurídico de data 1 de decembro do 2021, que forman parte desta resolución, os cales trasladaranse ós interesados ós efectos de motivación.

Réxime de recursos: Contra este acordo, que pon fin á vía administrativa, pode interpoñer alternativamente recurso de reposición potestativo ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da recepción da notificación, de conformidade co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas; ou ben interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ourense, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da recepción da notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Se optase por interpor o recurso de reposición potestativo non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que poida interpoñer vostede calquera outro recurso ou acción que estime procedente.

Condicións Xerais:



1.- Conforme ao disposto no artigo 145 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, o prazo de iniciación das obras é de 6 meses contados a partires do día seguinte do que se reciba o presente documento e despois de comezadas as obras non poderán suspenderse por un período superior a seis meses (salvo resolución xudicial).

Asi mesmo, o prazo de terminación das obras é de tres anos contados do mesmo xeito que o sinalado no parágrafo anterior.

A administración poderá conceder prórrogas dos referidos prazos, previa solicitude expresa, sempre que a licenza fose conforme coa ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga. Cada prórroga non poderá concederse por prazo superior ao inicialmente acordado.

A caducidade da licenza será declarada pola Administración municipal previa tramitación dun procedemento con audiencia ao interesado.

2.- Rematadas as obras e dentro dos oito días seguintes, porao por escrito en coñecemento do Concello, previa retirada das madeiras, estadas e materiais sobrantes para deixar expedito o paso e limpa a rúa, que deberá repoñerse o seu estado anterior ás obras, substituindo o pavimento deteriorado ou que fose removido.

3.- O Alcalde, por si ou por medio dos técnicos municipais ou da Inspección Municipal de Obras, poderá visitar as obras cando o considere axeitado co fin de recoñecer o seu estado de construción e comprobar o cumprimento das condicións en que se concedeu esta licenza.

4.- Durante a execución das obras deberanse observar as seguintes prescricións:

En toda obra de nova planta ou de reforma é preceptiva a colocación de valo a unha altura mínima de 2,00 metros sendo a distancia ao bordo de 1,00 metro nas beirarrúas que teñan 2 ou máis e de 0,60 nas de menos. Se a rúa non ten beirarrúa, o valo colocarase á aliñación do edificio. Nos sitios onde exista beirarrúa de pedra, executarase a fábrica de ladrillo sobre un apoio ou zócolo non adherido ao pavimento, de xeito que poida demolerse o valo sen dano para a baldosa. A construción poderá ser de ladrillo revestido e branquexado, ou pranchas metálicas entrevigadas. Non se autorizan valos de madeira, aglomerado de madeira, canizos, arpilleiras, etc.

Para o acceso á obra, colocaranse portas de madeira ou metálicas, que abrirán cara a dentro.

Unha vez salvada a planta baixa, será obrigatoria a retirada do valo de protección, debendo substituírse por outra aérea voada, construída de xeito que impida a caída de obxectos á rúa. O seu saínte será o ancho da beirarrúa cun máximo de 2 metros e a súa fronte e costados terán unha altura mínima de dous metros. En cada unha das plantas haberá de colocarse unha rede protectora.

Queda prohibido depositar materiais fóra do valo de protección. A responsabilidade polo incumprimento da obriga a que se refire este apartado esixirase ao contratista das obras e subsidiariamente ao propietario, caso de ser distinto daquel.

Para a carga, descarga, depósito e labrado de materiais e extracción de entullos, aterase ás disposicións das Ordenanzas e da autoridade municipal.

En especial cumprase coa vixente Ordenanza Municipal de limpeza de terreos e solares e de protección contra incendios forestais.

Deberá darse cumprimento ó contemplado no Decreto 174/2005, de 9 de xuño, polo que se regula a produción e xestión de residuos de construción e demolición, debendo o produtor de residuos contar coa preceptiva autorización da Consellería de Medio Ambiente.



4.- Comunidade de Propietarios, proxecto básico e de execución de modernización de ascensor sito en Avda. Portugal 124. Expte. Sección Licenzas Urbanísticas 2021028868.

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (5 votos a favor), acordou:

1.- Conceder á “Comunidade de Propietarios Avda. Portugal Nº 124”, licenza urbanística de obra para proxecto básico e de execución de modernización de ascensor existente no edificio sito na Avenida de Portugal número 124, en solo urbano consolidado, segundo proxecto redactado polas arquitectas dona Paula Feijóo Calviño e dona Emma Noriega García, asumindo a dirección facultativa das obras a arquitecta dona Paula Feijóo Calviño, e cun orzamento de execución material de 38.500 euros.

2.- Requerir ó solicitante para que unha vez rematadas as obras achegue certificado final de obra de técnico competente no que conste que as obras están completamente rematadas e axustadas á licenza outorgada, e se comunique a data a partir da cal poderá xirarse visita de comprobación por tódolos técnicos municipais ou sectoriais que informaron o proxecto.

Os presentes acordos tómanse en base ó informe técnico do Arquitecto Municipal de data 17 de novembro do 2021 e ó informe xurídico de data 30 de novembro do 2021, que forman parte desta resolución, os cales trasladaranse ós interesados ós efectos de motivación.

Réxime de recursos: Contra este acordo, que pon fin á vía administrativa, pode interpoñer alternativamente recurso de reposición potestativo ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da recepción da notificación, de conformidade co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas; ou ben interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ourense, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da recepción da notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Se optase por interpor o recurso de reposición potestativo non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que poida interpoñer vostede calquera outro recurso ou acción que estime procedente.

Condicións Xerais:

1.- Conforme ao disposto no artigo 145 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, o prazo de iniciación das obras é de 6 meses contados a partires do día seguinte do que se reciba o presente documento e despois de comezadas as obras non poderán suspenderse por un período superior a seis meses (salvo resolución xudicial).

Asi mesmo, o prazo de terminación das obras é de tres anos contados do mesmo xeito que o sinalado no parágrafo anterior.

A administración poderá conceder prórrogas dos referidos prazos, previa solicitude expresa, sempre que a licenza fose conforme coa ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga. Cada prórroga non poderá concederse por prazo superior ao inicialmente acordado.

A caducidade da licenza será declarada pola Administración municipal previa tramitación dun procedemento con audiencia ao interesado.



2.- Rematadas as obras e dentro dos oito días seguintes, porao por escrito en coñecemento do Concello, previa retirada das madeiras, estadas e materiais sobrantes para deixar expedito o paso e limpa a rúa, que deberá repoñerse o seu estado anterior ás obras, substituíndo o pavimento deteriorado ou que fose removido.

3. - O Alcalde, por si ou por medio dos técnicos municipais ou da Inspección Municipal de Obras, poderá visitar as obras cando o considere axeitado co fin de recoñecer o seu estado de construción e comprobar o cumprimento das condicións en que se concedeu esta licenza.

4. - Durante a execución das obras deberanse observar as seguintes prescricións:

En toda obra de nova planta ou de reforma é preceptiva a colocación de valo a unha altura mínima de 2,00 metros sendo a distancia ao bordo de 1,00 metro nas beirarrúas que teñan 2 ou máis e de 0,60 nas de menos. Se a rúa non ten beirarrúa, o valo colocarse á aliñación do edificio. Nos sitios onde exista beirarrúa de pedra, executarase a fábrica de ladrillo sobre un apoio ou zócolo non adherido ao pavimento, de xeito que poida demolerse o valo sen dano para a baldosa. A construción poderá ser de ladrillo revestido e branquexado, ou pranchas metálicas entrevigadas. Non se autorizan valos de madeira, aglomerado de madeira, canizos, arpilleiras, etc.

Para o acceso á obra, colocaranse portas de madeira ou metálicas, que abrirán cara a dentro.

Unha vez salvada a planta baixa, será obrigatoria a retirada do valo de protección, debendo substituírse por outra aérea voada, construída de xeito que impida a caída de obxectos á rúa. O seu saínte será o ancho da beirarrúa cun máximo de 2 metros e a súa fronte e costados terán unha altura mínima de dous metros. En cada unha das plantas haberá de colocarse unha rede protectora.

Queda prohibido depositar materiais fóra do valo de protección. A responsabilidade polo incumprimento da obriga a que se refire este apartado esixirase ao contratista das obras e subsidiariamente ao propietario, caso de ser distinto daquel.

Para a carga, descarga, depósito e labrado de materiais e extracción de entullos, aterase ás disposicións das Ordenanzas e da autoridade municipal.

En especial cumprase coa vixente Ordenanza Municipal de limpeza de terreos e solares e de protección contra incendios forestais.

Deberá darse cumprimento ó contemplado no Decreto 174/2005, de 9 de xuño, polo que se regula a produción e xestión de residuos de construción e demolición, debendo o produtor de residuos contar coa preceptiva autorización da Consellería de Medio Ambiente.

5.- D. José Luis Álvarez Amorín, solicita declaración de innecesiedade de licenza urbanística de segregación de finca sita en Boavista, 12. Expte. Sección Licenzas Urbanísticas 2021029651.

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (5 votos a favor), acordou:

Único.- Estimar a solicitude de don José Luis Álvarez Amorín, declarando a innecesiedade da licenza urbanística de segregación da parcela sita na rúa Boavista -Eiroas- número 12, coa referencia catastral 3306018NG9931S0001BY.

Declárase prescrita a infracción urbanística consistente na carencia das licenzas municipais de segregación.





O presente acordo tómasse en base ó informe elaborado polo Arquitecto Municipal e o asesor xurídico de urbanismo de data 30 de novembro do 2021, que forma parte desta resolución, o cal trasladarase ós interesados ós efectos de motivación.

Réxime de recursos: Este acto pon fin á vía administrativa e contra el poderá interpoñerse, con carácter potestativo, recurso de reposición ante o mesmo órgano que o ditou, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte a aquel en que se notifique. Así mesmo, contra este poderá interporse directamente recurso contencioso-administrativo ante o órgano xurisdiccional competente, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte a aquel en que se notifique, conforme o establecido nos artigos 52 da Lei reguladora das bases de réxime local, 194 e concordantes do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, 58 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, así como os artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de Xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

6.- "Avenida de Santiago 42, C.B." proxecto de execución de construción de edificio sito na Avda. de Santiago e rúa Pilar Miro. Expte. Sección Licenzas Urbanísticas 2018040249.

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (5 votos a favor), acordou:

Único.- Aprobar a instancia de "AVENIDA DE SANTIAGO 42, C.B." o proxecto de execución de construción de edificio sito entre a Avenida de Santiago e a rúa Pilar Miró, composto de tres plantas de soto para garaxe-aparcamento, rochos e elementos comúns; planta baixa para dous portais -un pola Avenida de Santiago e outro pola rúa Pilar Miró-, local comercial, rochos e elementos comúns; polo portal da Avenida de Santiago plantas primeira a sexta para dúas vivendas por planta e elementos comúns, unha vivenda da planta sexta tipo dúplex vencellada a planta baixo cuberta; e planta baixo cuberta vencellada á vivenda tipo dúplex da planta sexta e para elementos comúns; cun total de doce vivendas. Polo portal da rúa Pilar Miro plantas primeira a cuarta para tres vivendas por planta e elementos comúns; cun total de doce vivendas. Consonte o proxecto redactado polo arquitecto don Fernando José Martínez Lamas, quen asume a dirección facultativa das obras, asumindo a dirección técnica da execución das mesmas e a coordinación en materia de seguridade e saúde o arquitecto técnico don Andrés Doforno Pérez, sen variación do orzamento de execución material coa licenza de obra 68/18. Construción que autorizouse pola licenza de obra número 68/18.

O presente acordo tómasse en base ó informe técnico do Arquitecto Municipal de data 21 de outubro do 2021 e ó informe xurídico de data 29 de novembro do 2021, que forman parte desta resolución, os cales trasladaranse ós interesados ós efectos de motivación.

Réxime de recursos: Contra estes acordos, que poñen fin á vía administrativa, pode interpoñerse alternativamente recurso de reposición potestativo ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da recepción da notificación, de conformidade co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas; ou ben interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ourense, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da recepción da notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Se optase por interpor o recurso de reposición potestativo non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que poida interpoñer vostede calquera outro recurso ou acción que estime procedente.



7.- D^a Begoña González González, proxecto modificado de proxecto e de execución de vivenda unifamiliar sita na estrada de Vilar a Madrosende s/n, Vilas das Tres. Expte. Sección Licenzas Urbanísticas 2021030471.

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (5 votos a favor), acordou:

1.- Conceder a dona Begoña González González, licenza urbanística de obra para proxecto modificado de proxecto básico e de execución de vivenda unifamiliar sita na estrada de Vilar a Madrosende s/n, Vilar das Tres, autorizada mediante a licenza de obras número 37/21, consonte proxecto modificado de proxecto básico e de execución redactado polo arquitecto don Evaristo Lameiro Sánchez, quen asume a dirección facultativa das obras, asumindo a dirección de execución material e a coordinación en materia de seguridade e saúde o aparelador don Gumersindo Fernández González, e cun orzamento de execución material modificado de 298.747,44 euros.

2.- Requerir ó solicitante para que unha vez rematadas as obras achegue certificado final de obra de técnico competente no que conste que as obras están completamente rematadas e axustadas á licenza outorgada, e se comunique a data a partir da cal poderá xirarse visita de comprobación.

O presente acordo tómase en base ós informes do Arquitecto Municipal de data 22 de novembro do 2021 e ó informe xurídico de data 2 de decembro do 2021, que trasladarase ós interesados ós efectos de motivación.

Réxime de recursos: Contra este acordo, que pon fin á vía administrativa, pode interpoñer alternativamente recurso de reposición potestativo ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da recepción da notificación, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas; ou ben interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ourense, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da recepción da notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Se optase por interpor o recurso de reposición potestativo non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que poida interpoñer vostede calquera outro recurso ou acción que estime procedente.

Condicións xerais:

1.- Conforme ao disposto no artigo 145 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, o prazo de iniciación das obras é de 6 meses contados a partires do día seguinte do que se reciba o presente documento e despois de comezadas as obras non poderán suspenderse por un período superior a seis meses (salvo resolución xudicial).

Asi mesmo, o prazo de terminación das obras é de tres anos contados do mesmo xeito que o sinalado no parágrafo anterior.

A administración poderá conceder prórrogas dos referidos prazos, previa solicitude expresa, sempre que a licenza fose conforme coa ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga. Cada prórroga non poderá concederse por prazo superior ao inicialmente acordado.

A caducidade da licenza será declarada pola Administración municipal previa tramitación dun procedemento con audiencia ao interesado.

2.- Rematadas as obras e dentro dos oito días seguintes, porao por escrito en coñecemento do Concello, previa retirada das madeiras, estadas e materiais sobrantes para deixar expedito o paso





e limpa a rúa, que deberá repoñerse o seu estado anterior ás obras, substituíndo o pavimento deteriorado ou que fose removido.

3.- O Alcalde, por si ou por medio dos técnicos municipais ou da Inspección Municipal de Obras, poderá visitar as obras cando o considere axeitado co fin de recoñecer o seu estado de construción e comprobar o cumprimento das condicións en que se concedeu esta licenza.

4.- Durante a execución das obras deberanse observar as seguintes prescricións:

En toda obra de nova planta ou de reforma é preceptiva a colocación de valo a unha altura mínima de 2,00 metros sendo a distancia ao bordo de 1,00 metro nas beirarrúas que teñan 2 ou máis e de 0,60 nas de menos. Se a rúa non ten beirarrúa, o valo colocarse á aliñación do edificio. Nos sitios onde exista beirarrúa de pedra, executarase a fábrica de ladrillo sobre un apoio ou zócolo non adherido ao pavimento, de xeito que poida demolerse o valo sen dano para a baldosa. A construción poderá ser de ladrillo revestido e branquexado, ou pranchas metálicas entrevigadas. Non se autorizan valos de madeira, aglomerado de madeira, canizos, arpilleiras, etc.

Para o acceso á obra, colocaranse portas de madeira ou metálicas, que abrirán cara a dentro.

Unha vez salvada a planta baixa, será obrigatoria a retirada do valo de protección, debéndose substituír por outra aérea voada, construída de xeito que impida a caída de obxectos á rúa. O seu saínte será o ancho da beirarrúa cun máximo de 2 metros e a súa fronte e costados terán unha altura mínima de dous metros. En cada unha das plantas haberá de colocarse unha rede protectora.

Queda prohibido depositar materiais fóra do valo de protección. A responsabilidade polo incumprimento da obriga a que se refire este apartado esixirase ao contratista das obras e subsidiariamente ao propietario, caso de ser distinto daquel.

Para a carga, descarga, depósito e labrado de materiais e extracción de entullos, aterase ás disposicións das Ordenanzas e da autoridade municipal.

En especial cumprase coa vixente Ordenanza Municipal de limpeza de terreos e solares e de protección contra incendios forestais.

Deberá darse cumprimento ó contemplado no Decreto 174/2005, de 9 de xuño, polo que se regula a produción e xestión de residuos de construción e demolición, debendo o produtor de residuos contar coa preceptiva autorización da Consellería de Medio Ambiente.

SERVIZO DE PLANEAMENTO, XESTIÓN URBANÍSTICA E PATRIMONIO

XESTIÓN URBANÍSTICA

8.- Aprobar e dispoñer o gasto na ocupación de parcela no Camiño Real de Cudeiro.- Expediente de Xestión Urbanística 2019024071

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (5 votos a favor), acordou:



1.- Estimar a solicitude de don José Javier Velasco, de indemnización pola ocupación da finca rexistral 12.973 e indemnizar ó reclamante polo valor da finca que se cifra en 480.888,20 euros, de acordo cos informes xurídico de 25 de setembro de 2019 e 22 de novembro de 2021 e mais técnico de 2 de outubro de 2020 que se achegarán ó solicitante a efectos de motivación do presente acordo, e en consecuencia,

2.- Aprobar e dispoñer o gasto, e **recoñecer** a obriga do dereito a percibir en concepto de indemnización pola ocupación da finca rexistral 12.973 con cargo á partida N 220.1510.60905 "Indemnización expropiación urbanist" e documento de retención de crédito 202100057979 ás seguintes persoas e polas cantidades expresadas:

Nome	DNI	Cantidade
José Javier Velasco González	***2243**	60.111,02
Juan Ramon Velasco Gonzalez	***0901**	60.111,02
Rafael Velasco Gonzalez	***4074**	60.111,02
María Cristina Nieves Velasco Gonzalez	***0252**	60.111,03
Francisco Juan Velasco Gonzalez	***9500**	60.111,02
Jorge Luis Eusebio Velasco Gonzalez	***0735**	60.111,03
María Pilar Velasco Gonzalez	***8270**	60.111,03
Eusebio Velasco Gonzalez	***5930**	60.111,03
Total		480.888,20

O pago farase mediante talón nominativo debendo subscribirse acta de pago ao efecto.

3.- Dar traslado á Tesourería Municipal aos efectos oportunos.

RÉXIME DE RECURSOS-. Contra este acordo, que pon fin á vía administrativa, pode interpoñer alternativamente recurso de reposición potestativo ante o órgano delegante do que ditou o acto, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da recepción da notificación, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas; ou ben interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ourense, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da recepción da notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Se optase por interpor o recurso de reposición potestativo non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que poida interpoñer vostede calquera outro recurso ou acción que estime procedente.

PATRIMONIO

9.- Reclamación de responsabilidade patrimonial polas lesións sufridas como consecuencia dunha caída no Complexo Hospitalario Universitario de Ourense. Expediente núm. 2021040045.

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (5 votos a favor), acordou:

1.- Inadmitir a reclamación de responsabilidade patrimonial presentada por dona Rosa Álvarez Méndez, polas lesións sufridas como consecuencia dunha caída no Complexo Hospitalario Universitario de Ourense, por non ser o Concello de Ourense a Administración competente para resolvela.



2.- Remitir as actuacións ao Servizo Galego de Saúde en cumprimento do establecido no artigo 14 da Lei 40/15, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

3.- Notificarlle a dona Rosa Álvarez Méndez, o informe xurídico de data 30 de novembro de 2021 para os efectos de motivación.

Réxime de recursos: Este acto pon fin á vía administrativa e contra el poderá interpoñerse, con carácter potestativo, recurso de reposición ante o mesmo órgano que o ditou no prazo dun mes, contado desde o día seguinte a aquel en que se notifique segundo o establecido nos artigos 52 da Lei de 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Así mesmo, contra este acto poderá presentarse directamente recurso contencioso-administrativo ante o xulgado do contencioso administrativo de Ourense no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte a aquel que se notifique de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

No caso de interpoñer recurso de reposición non poderá impugnarse o acto ante a xurisdición contencioso-administrativa ata que se resolva o recurso expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio administrativo.

10.- Reclamación de responsabilidade patrimonial polos danos e prexuízos sufridos pola decisión do Concello de non formalizar o contrato de arrendamento dun local para a súa cesión á asociación de veciños de Montealegre. Expte. 2019046247.

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (5 votos a favor), acordou:

1.- Estimar parcialmente a reclamación de responsabilidade patrimonial presentada por don Manuel Dacal Rodríguez, polos danos e prexuízos sufridos pola decisión do Concello de non formalizar o contrato de arrendamento dun local para a súa cesión á asociación de veciños de Montealegre.

2.- Valorar os danos en cento setenta e oito euros con vinte e oito céntimos (178,28 €).

3.- Aprobar e dispoñer o gasto, e **recoñecer** a obrigaón a favor de don Manuel Dacal Rodríguez con DNI ***0308** polo importe de cento setenta e oito euros con vinte e oito céntimos (178,28 €) en concepto de indemnización por responsabilidade patrimonial con cargo á partida orzamentaria 120.9200.22639.

4.- Darlle traslado deste acordo á Tesourería Municipal para os efectos oportunos.

5.- Notificarlle a don Manuel Dacal Rodríguez e aos demais interesados o informe xurídico de data de 18 de outubro de 2021 para os efectos de motivación.

Réxime de recursos: Este acto pon fin á vía administrativa e contra el poderá interpoñerse, con carácter potestativo, recurso de reposición ante o mesmo órgano que o ditou no prazo dun mes, contado desde o día seguinte a aquel en que se notifique segundo o establecido nos artigos 52 da Lei de 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Así mesmo, contra este acto poderá presentarse directamente recurso contencioso-administrativo ante o xulgado do contencioso administrativo de Ourense no prazo de dous meses contados a partir do



día seguinte a aquel que se notifique de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

No caso de interpoñer recurso de reposición non poderá impugnarse o acto ante a xurisdición contencioso-administrativa ata que se resolva o recurso expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio administrativo.

11.- Reclamación de responsabilidade patrimonial polas lesións sufridas como consecuencia dunha caída na rúa do Progreso. Expte. 2021042009.

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (5 votos a favor), acordou:

1.- Inadmitir a reclamación de responsabilidade patrimonial presentada por don José Manuel Márquez Iglesias, polas lesións sufridas como consecuencia dunha caída na rúa do Progreso, por non ser o Concello de Ourense a Administración competente para resolvela.

2.- Remitir as actuacións á Axencia Galega de Infraestruturas en cumprimento do establecido no artigo 14 da Lei 40/15, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

3.- Notificarlle a José Manuel Márquez Iglesias, o informe xurídico de data 30 de novembro de 2021 para os efectos de motivación.

Réxime de recursos: Este acto pon fin á vía administrativa e contra el poderá interpoñerse, con carácter potestativo, recurso de reposición ante o mesmo órgano que o ditou no prazo dun mes, contado desde o día seguinte a aquel en que se notifique segundo o establecido nos artigos 52 da Lei de 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Así mesmo, contra este acto poderá presentarse directamente recurso contencioso-administrativo ante o xulgado do contencioso administrativo de Ourense no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte a aquel que se notifique de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

No caso de interpoñer recurso de reposición non poderá impugnarse o acto ante a xurisdición contencioso-administrativa ata que se resolva o recurso expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio administrativo.

INFRAESTRUTURAS

12.- Aprobación da adenda nº 1 ao convenio de 18 de marzo de 2021 entre a Confederación Hidrográfica do Miño - Sil e o Concello de Ourense para a construción dun sistema de retención de flotantes no aliviadoiro de Ponte Lebrona na conca do río Barbaña. (Expediente nº 2018001179.)

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (5 votos a favor), acordou:

1ª) Aprobar a adenda de modificación do convenio de colaboración entre a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil (CHMS, con CIF: Q3200109A) e o Concello de Ourense para a construción dun sistema de retención de flotantes no aliviadoiro de Ponte Lebrona na conca do río Barbaña (Ourense), conforme ao documento remitido pola CHMS o 12 de novembro de 2021 (documento nº 39 do expediente, con CSV:J2Q20KFVT6WY6W2W).

2ª) Facultase á Alcaldía, en virtude das súas competencias de representación do Concello de Ourense, para a sinatura da adenda de modificación do dito convenio e de cantos documentos sexan necesarios para a súa execución e desenvolvemento e non requiran de acordo expreso doutros órganos de goberno municipais.





XESTIÓN ECONÓMICA E ORZAMENTARIA

13.- Facturas ano 2020 non aprobadas en dito exercicio. Recoñecemento extraxudicial de créditos XGL 13/2021. (Expediente nº 2021043841)

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (5 votos a favor), acordou:

1.- Aprobar a seguinte relación de facturas (aprobación do gasto, da súa disposición e do recoñecemento da obriga), por un importe total de 103.456,94 € (cento tres mil catrocentos cincuenta e seis euros con noventa e catro céntimos), correspondentes a gastos realizados no exercicio 2020, que non puideron seguir a tramitación ordinaria para a súa aprobación no devandito exercicio, a favor dos terceiros e con cargo aos créditos das aplicacións orzamentarias que en cada caso se indican:

Códi Órga	Códi Fun	Códi Eco	Códi Fact	Códi CIVIDAS	Códi NumFact	Data Recepc	NIF TERCERO	Importe Factura
S100	1610	62702	168184	2020045370	AC032020/AC03/209	17-dic-20	A50736784-AGUAS DE LAS CUENCAS DE ESPAÑA S. A.	102.018,85
							TOTAL APLICACIÓN ORZAMENTARIA	102.018,85
					Nº RC 202100069147			
					Disponible en bolsa v.			
					100/161/6 a 31/12/2020		2.106.341,05	
120	9205	22000	167601	2020042886	EMIT-125	30-nov-20	B32258261-RODI ARTES GRAFICAS S.L.	273,46
							TOTAL APLICACIÓN ORZAMENTARIA	273,46
					Nº RC 202100069149			
					Disponible en bolsa v.			
					120/920/2 a 31/12/2020		705.892,95	
					Contabil.exptes.ante riores		34.073,27	



S160	1710	60900	166135	2020027173	600000714	11-sep-20	B32277980-ELYTE XINZO S.L.	1.164,63
							TOTAL APLICACIÓN ORZAMENTARIA	1.164,63
					Nº RC 202100069151			
					PROXECTO GASTO			
					20-4-16-01			
							TOTAL EXPTE.	103.456,94

2.- Dar conta do presente acordo á Tesourería Municipal aos efectos contables oportunos.

14.- Darse por enterada da información do Sr. Alcalde e Concelleiros de Área con Delegación, sobre resolucións adoptadas ata a data.

Dáse conta expresamente do seguinte Decreto de Alcaldía:

- Decreto núm. 2021009016 de data 07 de decembro de 2021, de delegación temporal de funcións na concelleira dona Ana María Fernández Morenza.

E non habendo máis asuntos que tratar, o Excmo. Sr Alcalde-Presidente, levantou a sesión ás oito horas e corenta e cinco minutos (08h:45'), do que como Concelleiro-Secretario da Xunta de Goberno Local dou fe.

